

APARELLO CIRCULATORIO E EXCRETOR

1. ESCOLLE A OPCIÓN CORRECTA:

Algúns alumnos din que Irea é moi «rara» porque durante o recreo come un pequeno bocadillo que lle preparan os pais. A ela tanto lle ten, sabe que a súa merenda é moito máis saudable ca a dos seus compañeiros, polo que come o seu bocadillo tan tranquila. Ás veces é de chourizo ou xamón curado, outras veces é de tortilla de pataca... A ela o que máis lle gusta é o de polo: unha barriña de pan e dentro un pequeno bisté de polo con tomate e leituga. Irea sabe que o seu bocadillo a axuda a levar unha dieta equilibrada.

Por que cres que o bocadillo de polo con leituga e tomate de Irea favorece unha dieta equilibrada? Elixe a resposta máis adecuada.

- ☐ Porque inclúe vexetais.
- ☐ Porque llo preparan os pais.
- ☐ Porque ten glúcidos, lípidos, proteínas, vitaminas e sales minerais.

2. MARCA A OPCIÓN CORRECTA:

Para extraer os nutrientes de cada un dos compoñentes do bocadillo de polo, o organismo de Irea ten que dixerilo no seu aparello dixestivo. Despois ten que enviar eses nutrientes a cada unha das células para que alí sexan utilizados e así extraer deles enerxía e diversas substancias que servirán de materiais para construír e repararlle os músculos, a pel, os ósos, etc.

Que aparello leva os nutrientes desde o intestino ata as células?

- ☐ O circulatorio.
- ☐ O respiratorio.
- ☐ O excretor.
- ☐ O dixestivo.

3. MARCA A OPCIÓN CORRECTA:

A enerxía contida nos nutrientes extráese mediante unha serie de reaccións químicas que se levan a cabo no interior das células.

a) Que nome recibe o conxunto destas reaccións químicas?

- ☐ Metabolismo.
- ☐ Absorción intestinal.
- ☐ Respiración celular.
- ☐ Excreción enerxética.

4. RELACIONA:

A dixestión realízase ao longo do tubo dixestivo dun xeito similar a unha cadea de montaxe dunha fábrica: nunhas zonas do tubo lévanse a cabo uns procesos e noutras zonas complétanse eses procesos e iníciáanse outros.

Relaciona mediante frechas os seguintes termos do aparello dixestivo:

- | | |
|--------------------|---------------------------|
| quilo • | • figado |
| bile • | • estómago |
| bolo alimenticio • | • pilosidades intestinais |
| quimo • | • intestino |
| absorción • | • boca |